

_campaña galega 2019

OBXECCIÓN FISCAL ao GASTO MILITAR

A Obxección Fiscal ao Gasto Militar (OFGM) é a non disposición a colaborar co Estado nos gastos de preparación de guerras e mantemento da estrutura militar, o exército e outros corpos armados, desobedecendo activamente no momento de realizar a declaración da renda (IRPF). Consiste tecnicamente en desviar unha parte destes impostos a un proxecto que traballe na defensa dun progreso social solidario. A OFGM é unha campaña de Desobediencia Civil, e como tal encádrase na tradición e estratexia da Noviolencia.

**CIFRAS do
GASTO MILITAR
no Estado Español**

- 31.830,82 millóns de euros
- 3,63 millóns de euros por hora
- 727,89 euros por persoa/ano

- Se queres saber máis sobre a Obxección Fiscal ao Gasto Militar visita este enlace: <https://enpiedepaz.org/objecion-fiscal>
- Lembra que coa OFGM ao mesmo tempo que non colaboras, cos teus impostos, coa industria da guerra estás apoiando iniciativas que promoven a paz, a xustiza social, a erradicación do patriarcado, a defensa da natureza, os dereitos humanos...

ESPAZ  ABERTO  ANTIMILITAR

+INFO:

www.nonaogastomilitar.org
[@nongastomilitar](https://twitter.com/nongastomilitar)
espazoantimilitar@riseup.net



NIN UN EURO PARA A GUERRA, DESARMEMOS OS NOSOS IMPOSTOS

Este **2019 cumprense dous aniversarios** destacados para as persoas que rexeitamos o militarismo. O primeiro deles, os **30 anos da insubmisión**, lémbra-nos o poderosa que pode ser a desobediencia civil non violenta como arma para transformar o sistema. Afrontando penas de cadea e sancións de todo tipo, centos de persoas negáronse a facer o Servizo Militar Obrigatorio, até que a solidariedade e o apoio da maior parte da sociedade forzou a súa abolición. O outro aniversario, pola contra, non ten nada de positivo; os **70 anos da OTAN**, o gran símbolo do militarismo autodestrutivo a nivel planetario. Daquela xustificáron a súa existencia polo medo ao bloque soviético, pero hoxe en día non poden agochar que a súa razón de ser é unicamente tentar manter o decadente dominio mundial por parte dos USA e os seus aliados occidentais.

Son os compromisos do Estado Español coa OTAN a causa principal do aumento do gasto militar, así como que se permitan manobras internacionais no noso territorio e a obriga de participar en operacións militares por todo o mundo para defender intereses ilexítimos.

Con todo, o militarismo na nosa sociedade non se limita a isto. Non podemos deixar de denunciar dous aspectos non menos importantes:

- **A blindaxe militarizada das fronteiras europeas**, para impedir e combater o acceso das migrantes que foxen de conflitos e miseria (provocados normalmente polos intereses económicos ou estratéxicos das potencias mundiais), sen que importe aparentemente que a consecuencia directa sexa que o Mediterráneo convertátese na maior fosa común do planeta.

- **A implicación do Estado Español na produción e tráfico de armamento** para países tan pacíficos como Estados Unidos, México, Brasil, Marrocos, Turquía, Exipto ou Israel. E, en particular, para Arabia Saudí, especializada na violación de Dereitos Humanos e moi presente nas guerras civís de Libia, onde arma e financia unha das sanguinarias milicias en conflito ou do lemen, onde intervéñ directamente bombardeando á poboación civil.

Por todo isto é fundamental que a nosa sociedade, que xa amosou no seu momento a súa oposición á “mili” ou á Guerra de Iraq, poña de novo sobre a mesa dos problemas políticos e sociais o rexeitamento ás guerras, ao militarismo e ao gasto militar.

Fronte á actual realidade de recortes en pensións, políticas de igualdade, prestacións sociais ou acceso a unha vivenda digna, atopámonos con que se amplían os recursos destinados ao militarismo:

O gasto do Ministerio de Defensa medrou en 2018 un 10% (8.000 millóns de euros). O goberno de Pedro Sánchez complementou deste xeito o maior plan de gasto en armamento dos últimos 20 anos, 12.000 millóns de euros, moi próximos aos 13.000 millóns do Goberno de Aznar en 1997.

Este gasto concreouse en 7.331 millóns de euros aprobados no mes de decembro para a adquisición de 5 fragatas e 348 vehículos blindados e a modernización de decenas de cazabombardeiros Eurofighter e 5.000 millóns aprobados en setembro para 23 helicópteros NH-90 ou o programa de 4 submarinos S-80.

E isto sen esquecer o pagamento da débeda contraída no anterior ciclo armamentístico de 21.000 millóns de euros para a adquisición de 1.500 tanques Leopard e Pizarro, cazas Eurofighter, submarinos, helicópteros ataque Tigre e NH-90, mísiles, etc.

Ante isto, nós propoñemos **facer Obxección Fiscal aos Gastos Militares nas nosas declaracións de facenda** e neste código QR explicamos como



ESPAZ  **ABERTO**  **ANTIMILITAR**

nonagastomilitar.org | @nongastomilitar | espazoantimilitar@riseup.net